

NORMATIVA DE COMPETICIÓNS 2026

A presente normativa de competicións foi aprobada pola asemblea xeral da FGC de data 12-12-2025

Normas comúns para tódalas competicións

As normas complementarias, establecidas pola Federación Galega de Caza (FGC), para as distintas competicións, prevalecerán sobre os Regulamentos das diferentes modalidades.

No caso de persoas físicas para participar en competicións oficiais de calquera das especialidades deportivas esixírase a licenza federativa en vigor de persoas físicas, e no caso de que a participación sexa por unha sociedade ou club requirírase ademais a licenza federativa en vigor da entidade deportiva.

Para a organización dunha competición oficial as sociedades ou clubs deberán dispor tamén da correspondente licenza federativa en vigor da entidade deportiva.

Ante calquera situación non prevista nestas normas, estarase ao disposto nos regulamentos específicos de cada modalidade.

1.- Cada proba deportiva anunciarase con tempo suficiente mediante o correspondente programa da competición, no que deberán figura-los seguintes apartados:

- a) Nome e categoría da proba.
- b) Lugar da celebración.
- c) Data e hora.
- d) Xurado de Competición. Nos campionatos autonómicos presidido polo Delegado Federativo da proba e os catro Representantes Provinciais.
- e) Participantes.
- f) Nº de prazas en competición para a fase seguinte.
- g) Prezo da inscrición nas competicións de participación libre.
- h) Lugar onde se efectuará a inscrición e data límite.
- i) Lugar do sorteo.
- j) Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa autonómica da Federación Galega de Caza en vigor ou homologado pola FGC.

2.- Despois de facer pública a clasificación, os participantes disporán do prazo que se determine regulamentariamente, e no seu defecto de 15 minutos para posibles reclamacións. Ditas reclamacións faranse por escrito, sobre as que decidirá o Xurado de Competición da proba previo depósito da cota que determine o correspondente Regulamento da Competición, no caso de que dita cantidade non estea especificamente recollida no regulamento o depósito será do dobre da cota de inscrición. Este depósito poderá recuperarse si o fallo é favorable ao reclamante.

3.- As actas utilizadas en cada competición serán según modelo que facilitará ao efecto a Federación Galega de Caza, sendo o único documento válido posterior á proba, por iso os xuíces e árbitros deberán poñer a máxima dilixencia en cubrir tódolos apartados: inscritos, participantes, clasificados, etc., e reflecti-las incidencias, reclamacións, e decisións do Xurado de Competición, así como as actitudes antideportivas de participantes ou de persoas relacionadas co concurso no apartado de "OBSERVACIÓNS" que figurará nas actas de tódalas competicións.

Os xuíces e árbitros asinarán e entregarán a acta ao delegado federativo da proba que será o encargado de enviala á FGC, quedándose cunha copia o responsable da proba.

Nas competicións nas que os participantes teñan que acudir acompañados dun xuíz (caza menor, arceas e raposo), este deberá se-lo mesmo que figure na inscrición, salvo circunstancias excepcionais debidamente acreditadas, e a súa presenza será imprescindible, sendo motivo de descualificación o incumprimento deste requisito, o xuíz debera ter licenza federativa en vigor no momento da inscrición.

O director da proba constitúe a autoridade deportiva da proba ou competición. Decide o seu inicio, finalización, ou se é o caso, suspensión. Resolve os erros materiais ou de feito cometidos polos xuíces resolvendo as discrepancias xurdidas entre varios xuíces en 1ª instancia, e aquelas outras que por estes lle sexan sometidas á súa decisión, verifica que as instalacións deportivas sexan aptas para o desenvolvemento da competición, vixía o cumprimento das regras técnicas, podendo examinar: municións armas, licenza federativa, cartillas, precintos, etc. Conformar e rubrica a acta definitiva da proba ou competición.

4.- O Comité de Xuíces e Árbitros da FGC, designará aos xuíces e árbitros de tódalas competicións oficiais, agás as de caza menor con can, arceas e raposo. Os gastos de arbitraje liquidaraos directamente a Federación aos xuíces e árbitros.

5.- As competicións de rango inferior (competicións sociais, comarcais, copas Galicia) deberán ter en conta que non poderán coincidir con competición superior (campionato provincial ou campionato galego) da mesma modalidade que estea no calendario oficial da FGC, salvo excepcións debidamente xustificada. De acordo con a lei do Deporte as competicións oficiais federadas de ámbito autonómico pasarán a denominarse Xunta de Galicia.

6.- A Copa Federación das diferentes modalidades deportivas pasarán a denominarse Copa Galicia. A denominación da Copa Federación quedará para aquelas probas de nova creación e/ou aquelas outras nas que non houbera unha clasificación xeral que permita o acceso a ningunha outra de rango superior.

7.- O campión ou campioa dos campionatos galegos de tódalas modalidades deportivas, aínda que o campionato sexa de inscrición libre, defenderán o título da edición anterior; a súa inscrición correrá a cargo da FGC, e será a propia FGC a encargada de convocalos.

8.- Tódolos deportistas clasificados deberán confirmar ás federacións ás que representen a súa asistencia á fase seguinte, sendo motivo de expediente o incumprimento deste requisito.

Nas competicións organizadas pola FGC (Provincial, Autonómico e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima, agás no caso dos federados da categoría PRO 6-15 que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas equiparables ao Documento Único tipo "R", ao igual que no caso daqueles outros deportistas que participen en competicións sen armas.

9.- Nas competicións de inscrición *libre*, os participantes deberán formaliza-la súa inscrición ante a FGC, dentro do prazo previsto no Programa da proba.

10.- Para cada provincia só é obrigatoria a organización do Campionato Provincial, sendo competencia desta a realización ou non de semifinais ou comarcais para a clasificación.

11.- No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado nunha proba autonómica, a Federación Galega de Caza poderá cubrir eses postos mediante repesca realizada de xeito proporcional naquelas provincias que teñan unha participación máis numerosa, sumándose, ademais do campionato provincial.

12.- Non se pode participar de xeito oficial en máis dun Campionato Provincial clasificatorio para o Campionato Galego de cada modalidade deportiva. A inclusión dun mesmo participante en máis dunha acta invalidará a súa clasificación en tódalas probas nas que participara. Cando se trate de un equipo ningún dos seus membros poderá participar en máis de un campionato provincial con dereito a clasificación mesmo cando o equipo sexa can e cazador.

13.- En tódalas competicións nas que se participe con cans, estes deberán posuír seguro de responsabilidade civil, así como figurar o nº de microchip de cada can na folia de inscricións da proba.

14.- Os deportistas da seleccións galega das diferentes disciplinas deportivas cando representan á FGC deberán ir debidamente uniformados coa vestimenta que facilitará a FGC. Os deportistas clasificados para a formación das diferentes seleccións galegas, que por motivos xustificadas non poidan participar nos respectivos campionatos de España deberán acreditálos de forma fehaciente ante a

FGC no prazo que se estableza. Os deportistas que non o acrediten suficientemente enténdese que renuncian a participar coa selección galega indefinidamente. Se nun futuro –previa clasificación- decidiran volver a formar parte da selección galega, deberán solicitalo por escrito ante a FGC que á vista da súa petición resolverá. O número de deportistas clasificados nas distintas modalidades se desglosa no **Anexo II.**

15.- Os participantes dunha competición, unha vez iniciada a mesma, establecidos as quendas e/ou horarios, non poderán rexeitar salvo causa de forza maior, e previa autorización do Director da proba, a súa quenda de participación, debendo estar en todo momento a disposición dos xuíces/árbitros naqueles campionatos que os houbera, ou Director da Proba.

16.- Nas competicións oficiais de Agility, Arco, Cans de Parada, Cans de Rastro (coello e xabaril), Cetraría, Paxariles e Field Target créase a categoría PRO 6-15 dirixida a menores entre os 6 e 15 anos.

17.- O nº de prazas para os campionatos autonómicos das distintas modalidades queda do xeito que se indica a continuación, tendo en conta que cada provincia contará cun mínimo de participantes, sendo o resto proporcional ao nº de licencias federativas por cada provincia.

PERCORRIDOS DE CAZA

- 12 tiradores por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	12+6 = 18
Lugo	12+5 = 17
Ourense	12+1 = 13
Pontevedra	12+5 = 17

(65 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior + 2 clasificados da Copa Galicia).

COMPAK SPORTING

- 12 tiradores por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	12+6 = 18
Lugo	12+5 = 17
Ourense	12+1 = 13
Pontevedra	12+5 = 17

(65 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior).

SAN HUBERTO

- 4 concursantes por cada provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	4+2= 6
Lugo	4+1= 5
Ourense	4+1= 5
Pontevedra	4+1= 5

(21 participantes de seleccións provinciais + campión ano anterior + 5 clasificados da Copa Galicia).

CAZA MENOR E ARCEAS

- 4 Concursantes por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	4+2= 6
Lugo	4+1= 5
Ourense	4+1= 5
Pontevedra	4+1= 5

(21 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior).

RASTRO DE COELLO

- 2 Equipos por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	2+1= 3
Lugo	2+1= 3
Ourense	2+0= 2
Pontevedra	2+1= 3

(11 Equipos seleccións provinciais + campión ano anterior + 2 clasificado da Copa Galicia).

RASTRO XABARIL

- 6 Concurantes por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	6+4 = 10
Lugo	6+4= 10
Ourense	6+1= 7
Pontevedra	6+3= 9

(36 Participantes seleccións provinciais + campión ano anterior + 3 clasificados da Copa Galicia).

RAPOSO

- 2 Equipos por provincia e o resto proporcional ás Licencias Federativas.

Coruña	2+2= 4
Lugo	2+2= 4
Ourense	2+0= 2
Pontevedra	2+2= 4

(14 Equipos seleccións provinciais + campión ano anterior + 1 clasificado da Copa Galicia).

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE SAN HUBERTO

- 1.- O campionato autonómico disputarase en tres campos, sacados a chou entre os participantes, se ben faranse por cabezas de serie, de tal xeito que en cada campo estean a lo menos un 1º, un 2º, un 3º e un 4º clasificado dos Campionatos Provinciais. De cada campo pasarán os dous primeiros ao "barrage".
- 2.- O campión galego será o vencedor do "barrage". O tempo de cada participante no "barrage" será de 10 minutos.
- 3.- Poderán participar calquera can que estea legalmente rexistrado (documentación sanitaria obrigatoria do can)..
- 4.- Un mesmo deportista poderá cambiar de can nas distintas fases (provincial o autonómico), xa que nesta disciplina quen prima é o cazador e non o can.
- 5.- Na modalidade de "Donas" e "Springers", no Campionato Galego, a inscrición, será libre, previa participación no campionato provincial.

6.- As Donas e Springers participarán nun campo independente do campionato absoluto.

7.- No resto de probas, unha vez realizada a clasificación do barrage, o seguinte clasificado, será o do campo campión, para continuar polos campos seguintes, en sentido ascendente. Exemplo: Campo Campión "B" seguinte clasificado o do campo "B", para continuar ao "C", si houbera "D" ao "D", e continuar con o "A", "B", "C", e así sucesivamente.

8.- Os Campionatos Provinciais, poderán ser (abertos ou pechados), a criterio das respectivas Federacións Provinciais, que así o expresarán no correspondente Programa.

No suposto de ser ABERTO, si o número de participantes libres é suficiente para formar con eles unha batería, procederase a formala e será unha batería máis da competición. Pasarán ao barrage no suposto de TRES baterías os dous primeiros de cada unha, si houbera máis de tres baterías, pasará só un participante de cada batería, (por motivos excepcionais, deixarase a criterio da organización, no caso de mais de tres baterías, que pasen ao barrage un ou dous por batería). Para o resultado da proba serán considerados tódolos participantes con os mesmos dereitos, excepto na CLASIFICACION OFICIAL, que se confeccionará correndo os postos ocupados polos participantes libres, polos seguintes Oficiais da clasificación xeral.

No suposto de que o número de participantes libres non puideran completar unha batería, a organización tratará na medida do posible, de distribuír o mesmo número de concursantes libres en cada batería.

As probas puntuable (COPA GALICIA), serán sempre abertas, aplicándose para a clasificación de puntos, os mesmos criterios que para os campionatos Provinciais.

9.- Si un participante é eliminado no barrage, quedará no último posto do mesmo, non afectando nin anulando a puntuación obtida na batería.

10.- No caso de que un participante se clasifique para o campionato galego nas dúas modalidades poderá participar en ambas.

11.- O cazador, só co seu can, efectuará unha quenda cuxa duración será de entre 15 a 20 minutos según criterio do director da organización. As quendas do Campionato Galego serán sempre de 20 minutos.

12.- Para formar a Selección Galega na categoría Homes, elixirase aquel participante da Copa Galicia que obtivera a maior puntuación, para o cal terán que disputarse, como mínimo, tres probas puntuables para a Copa Galicia de Caza San Huberto. Os restantes deportistas da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no Campionato Galego da mesma categoría.

Será obrigatoria a participación no Campionato Galego do clasificado para a Selección Galega pola Copa Galicia. No caso que o campión da Copa Galicia forme parte do podio no campionato Galego, a praza será cuberta de maneira correlativa pola clasificación do Campionato Galego.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE PERCORRIDOS DE CAZA E COMPAK SPORTING

1.- Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico. Sempre que participara nun campionato provincial por oficial.

2.- Para conforma-la selección que represente a Galicia no Campionato de España clasificaranse directamente do Campionato Galego a metade (ou a metade máis un, se o nº de prazas é impar). Os restantes postos serán cubertos por aqueles tiradores que acaden as puntuación máis altas da suma dos campionatos provinciais a razón de 16 ao 1º, 15 ao 2º, 14 ao 3º, 13 ao 4º, 12 ao 5º, 11 ao 6º e así sucesivamente, e do autonómico con $16 \times 3 = 48$ ao 1º, $15 \times 3 = 45$ ao 2º, $14 \times 3 = 42$ ao 3º, $13 \times 3 = 39$ ao 4º, e así sucesivamente

O nº de prazas da selección galega estará formado por:

En RRCC: 6 tiradores, dos cales o 1º e o 2º farano directamente según podium do campionato galego, o posto 3º e 4º adxudicarase por puntos como marca a normativa de competicións da FGC (punto 2); para a 5ª e 6ª praza clasificaranse dous tiradores pertencentes a dúas categorías (sénior, damas, xuvenís, veteranos, máster e tiro adaptado ou homes de non clasificarse nos catro primeiros postos) agás que estas prazas xa estean cubertas entre os 4 primeiros; en cuxo, córrese a lista da clasificación do campionato galego sexa por puntos ou xeral. En COMPAK SPORTING: 6 tiradores, dos cales o 1º e o 2º farano directamente, o posto 3º e 4º adxudicarase por puntos como marca a normativa de competicións da FGC (punto 2); para a 5ª e 6ª praza clasificaranse dous tiradores pertencentes a dúas categorías (sénior, damas, xuvenís, veteranos, máster e tiro adaptado ou homes de non clasificarse nos catro primeiros postos)

agás que estas prazas xa estean cubertas entre os 4 primeiros; en cuxo, córrese a lista da clasificación do campionato galego sexa por puntos ou xeral.

Para a elección das categorías tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC. A estes pagaráselles inscrición e subvención.

3.- Cando no resultado da suma de puntuacións se produza un empate, prevalecerá a mellor clasificación no campionato autonómico.

4.- Para a entrega de trofeos na proba autonómica só se terá en conta a clasificación acadada nesta proba.

5.- O Campionato Autonómico disputarase a 150 pratos. Tanto os campionatos provinciais como o galego serán de participación libre, tendo dereito a premio calquera tirador que abonara a mesma inscrición que os tiradores oficiais. Só terán dereito a clasificación os tiradores da provincia, no caso de campionatos provinciais.

Os desempates realizaranse só para o podio da xeral e para o primeiro clasificado das distintas categorías. Se houberse empate no resto de posicións faranse polo mellor número de pratos rotos no campo de desempate. No caso de persistir, o desempate realizarase no campo anterior e así sucesivamente ata chegar ao campo de desempate. Se volvese a persistir o empate tomarase como referencia o primeiro cero do campo de desempate.

6.- Cantaranse só os "ceros". Ao finaliza-la intervención de cada escuadra, en cada posto, o árbitro "cantará" os pratos escachados por cada tirador.

7.- Ao rematala intervención en cada campo os tiradores deberán asinalas planillas de puntuación. O tirador que non asine a planilla entenderase que acepta o resultado reflectido na mesma polo árbitro do campo, non podendo reclamar con posterioridade en canto ao resultado obtido nese percorrido.

8.- Ao campión do ano anterior, se non participou no Campionato Provincial, asignaráselle unha puntuación para esta proba igual ao posto que acade no autonómico.

9.- As categorías serán:

JUNIORS menores de 21 anos

MULLERES E HOMES entre 21 e 55 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran 21 anos non importa o día e o mes de nacemento.

SENIOR entre 56 e 65 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran 56 anos non importa o día e o mes de nacemento.

VETERANOS entre 66 e 72 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran 66 anos non importa o día e o mes de nacemento.

MASTER maiores de 73 anos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran ~~74~~ 73 anos non importa o día e o mes de nacemento.

Asignarase aos tiradores doutros países pertencentes á UE que participen nas distintas fases das probas oficiais da FGC de Compak e RRCC, o nivel A en a categoría que lle corresponda.

Así mesmo, aos tiradores doutras comunidades autonómicas, que participen ou participasen en probas de Compak Sporting e/o RRCC oficiais da FGC, adxudicaráselles o nivel obtido na clasificación da RFEC.

Nas probas oficiais da Federación Galega de Caza realizarase unha entrega de trofeos ao podio da xeral e ao campión de cada categoría.

A clasificación para as seleccións provinciais; cada provincia contará cun mínimo de participantes, sendo o resto proporcional ao número de licenzas federativas por cada provincia. O reparto deste número será por categorías e o resto por orde de clasificación proporcional á participación das categorías. Na categoría "xuenís", no Campionato Galego, a inscrición, será libre, previa participación no campionato provincial

10.- Ao principio de cada tempada, establece-se un ranking autonómico único para ambas disciplinas, tendo en conta os datos de participación en probas oficiais da FGC, considerando como tales, os campionatos provinciais e campionatos galegos nos que participara cada tirador, mediante a correspondente media aritmética

11.- Os niveis establécense polos resultados obtidos nas distintas competicións, sendo os seguintes:

Aplicáanse a todas as categorías os niveis dos deportistas

NIVEL A, puntuación superior ao 90 % dos acertos do gañador da proba.

NIVEL B, puntuación entre o 75% e o 89,99% dos acerto do gañador da proba.

NIVEL C, puntuación igual ou inferior ao 74,99% dos acertos do gañador da proba.

As porcentaxes serán consideradas a partir do resultado conseguido polo primeiro clasificado, non polo total de pratos de que se compón a proba. Todo aquel tirador que comece a practicar este deporte adxudicaráselle o nivel de iniciado. Este nivel só pode manterse durante un ano.

O ascenso ou descenso de categoría só será por resultados deportivos. Un tirador ascenderá ao nivel superior cando alcance as porcentaxes esixidas, nestas normas.

O nivel asignado a cada deportista manterase durante todo un ano natural e poderá ser modificado o ano seguinte tendo en conta as probas oficiais que determine a Federación Galega de Caza.

Unha vez alcanzado o nivel, este nunca se perde por inactividade dos deportistas. Descenderase de nivel unicamente cando non se superen as porcentaxes en polo menos dúas probas das determinadas pola FGC, que deberán realizarse na súa totalidade.

Os deportistas que abandonen por idade a categoría xuvenil, serán incluídos no nivel C durante un ano, podendo de forma voluntaria e expresa estar no nivel que lles correspondería polos resultados obtidos no ano anterior.

12. – No que respecta á organización do Compak en liña, o grupo estará formado polo número total de tiradores dividido polo número de Compaks.

Para o **Compak en liña**, o primeiro tirador do día estará precedido por un árbitro ou por un tirador, non por un competidor, que disparará ou simulará toda a serie. Con todo, en caso de interrupción do tirador, o árbitro volverá mostrar todos os obxectivos ao primeiro tirador do novo grupo.

Do mesmo xeito, o último tirador do día será seguido por un árbitro ou un tirador, non por un competidor, que lle mostrará, en cada posto de tiro, o primeiro obxectivo do seu(s) dobre(s).

SPORT FEDECAT

Nesta disciplina, se pretende simular a caza, debéndose adaptar as traxectorias no modo e na distancia ás especies cinxéticas de caza menor, con armas de caza, sobre obxectivos artificiais.

As competicións dispútanse en 150 pratos, cunha final para os 6 primeiros da clasificación xeral, esta final xógase a 25 pratos, nun campo que será designado polo xurado da competición.

A estes tiradores contabilizaráselles (suma) os pratos xa tirados na proba.

Área de Tiro.- O campo de tiro, será unha "raqueta de tiro", ou unha área de terreo, que pode ou non ser plana, equipada cunha variante de 5, máquinas manuais e/ou automáticas.

Máquinas.- As máquinas serán 5, e estarán colocadas en orde alfabética, A, B, C, D, E. de esquerda a dereita, tendo en conta a posición de tiro.

Pratos.- Os pratos que se utilizarán serán da cor máis recomendada para a localización do evento deportivo, e pódense utilizar variantes de "NORMAL", "MINIS", "RABBITS" E "PATENAS".

Traxectorias.- As traxectorias serán: de esquerda a dereita, de dereita a esquerda; prato de arranque; e prato de entrada, e unha máquina máis cun prato de dirección libre, sempre con referencia á posición de disparo, completando así as 5 máquinas necesarias para un campo de tiro.

Postos de Tiro.- Para cada 25 pratos utilízanse 3 posicións de tiro, cun metro de diámetro e/ou un metro cadrado de superficie.

Posición de Tiro.- O tirador ten que poñer os pés dentro da área do posto de tiro, sen con isto pisar a liña circundante que a delimita. A colocación da escopeta é aleatoria, sendo a de maior comodidade e conveniencia para o tirador. De prato a prato, hai un espazo de dez (10) segundos para a súa execución, tanto en pratos individuais como en dobres.

O tempo de lanzamento dun prato, despois da solicitude de prato do tirador, é de 0 a 3 segundos, tanto en individual como en Dobres.

	1ª Opción	2ª Opción
Posición 1	4 Simples + 2 Dobres	5 Simples + 2 Dobres
Posición 2	3 Simples + 3 Dobres	5 Simples + 1 Dobre
Posición 3	4 Simples + 2 Dobres	5 Simples + 2 Dobres
Total	25	25

O dobre ao tiro, despois de pedido e disparado o primeiro prato, lánzase o segundo prato, podendo o tirador dobrar o tiro no primeiro prato.

Dobre simultáneo, cando se solicite, libéranse 2 pratos, como o seu propio nome indica, de forma simultánea. A súa execución é libre, e poderá golpear os dous pratos cun só disparo, validando o resultado.

Para cada serie de 25 pratos, requírese un mínimo de 2 dobres simultáneos.

Armas e Municións.- As armas utilizadas non poderá exceder do calibre 12, tanto as de carga por báscula, paralela ou superposta, así como a semiautomática. Sempre que non estean para executar o tiro, as escopetas deben estar descargadas e abertas. Só é posible o cambio de 'shock ou canón' no cambio de posición, sen que para isto cáusese ningún atraso na conclusión do tiro. Non está permitido que unha arma por anomalía dispare dous tiros simultáneos xa sexa en dobres ou simples.

A carga de cartucho está limitada a 28 gramos, cunha tolerancia de 0,5 gramos. Toda a gama de chumbo debe ser esférica, cun diámetro de 2mm a 2,5mm. O uso de artificios de carga (dispersores ou outros), está prohibido, así como o uso de cartuchos enchidos, así como cartuchos trazadores. Sempre que un árbitro o estime conveniente poderá solicitar ao tirador 2 cartuchos, antes de que empece o tiro, para o control dos mesmos.

Protección.- É obrigatorio o uso de protección ocular (lentes), así como de protectores auditivos.

Código de Vestimenta.- É obrigatorio o uso de "dorsal", co número correspondente, que debe ser colocado na parte posterior do tirador.

Está prohibido o uso de pantalóns curtos, camisa sen mangas, así como pantalóns curtos por encima do xeonllo. Tamén se prohibe o uso de sandalias ou zapatillas.

NORMAS PARA A COPA GALICIA DE CANS DE PARADA (Caza Práctica)

1.- A competición da Copa Galicia de Cans de Parada estará formada polas probas seguintes:

COMPETICIÓN OFICIAL:

- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DA CORUÑA
- COPA FEDERACION GALEGA DE CAZA DE LUGO
- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE OURENSE
- COPA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE PONTEVEDRA
- COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO
- COPAS GALICIA:

As probas desta modalidade, realizadas por sociedades ou clubs federados e que se inclúan na denominada COPA GALICIA, que, previa solicitude á FGC, e cunha antelación mínima de tres meses á data de celebración do campionato Galego salvo autorización expresa da

FGC, cumplan cos criterios técnicos establecidos na normativa vixente e os terreos se adapten a unha proba destas características. Para todas elas requírese un mínimo de 12 parellas de cans (entre razas Británicas e Continentais).

A SELECCIÓN GALEGA estará formada polos catro primeiros cans de razas Británicas e os dous primeiros de raza Continentais clasificados trala suma das puntuacións obtidas por estes, en cada unha das probas da competición oficial e a mellor clasificación obtida no resto das probas.

2.- Para representar a Galicia no Campionato de España tanto o condutor como o propietario do can deben ser galegos. A estes efectos enténdese como galego aquel que acode representando a unha sociedade de caza inscrita no rexistro da FGC.

3.- Cualificacións e puntuacións:

1º Excelente EAC [Exemplar Altamente Cualificado]: 25 puntos

2º Excelente REAC [Reserva de Exemplar Altamente Cualificado]: 23 puntos

1º Excelente: 20 puntos

2º Excelente: 19 puntos

Resto de Excelentes: 17 puntos

Moi Bo: 9 puntos

Bo: 4 puntos

En probas nas que se poña en xogo un CACT se puntuaran a igualdade de puntos que o EAC. Os exemplares que acaden o CACIT puntuaranse con 30 puntos.

3.1- Cualificacións e puntuacións – PROBAS DE INICIACIÓN:

1º Excelente EAC (Exemplar Altamente Cualificado): 22 puntos / 1º Excelente: 20 puntos

2º Excelente: 19 puntos

3º Excelente: 18 puntos

Resto de Excelentes: 17 puntos

1º Moi Bo: 9 puntos

2º Moi Bo: 8 puntos

3º Moi Bo: 7 puntos

Resto de Moi Bos: 6 puntos

Bo: 3 puntos

3.2 Ademais da clasificación xeral, a organización poderá outorgar un premio especial ao mellor can menor de 24 meses, sempre que estivese na nota alta do concurso. O can menor tamén poderá entrar na clasificación xeral.

3.3 En caso de non cubrirse os tres primeiros postos con cans con punto válido, a organización poderá incluír outros cans en función da prestación realizada. O mesmo se aplicará ao can menor de 24 meses.

4. No caso de empate prevalecerá a cualificación máis alta obtida nalgunha das probas da competición oficial. De persistir, prevalecerá a que houbera obtido nalgunha das probas do resto da competición. No caso de que non se puidera desfacer o empate seguindo os criterios anteriores, celebrarase un "barrage" ao finalizar a COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO.

5.- Poderán participar calquera can que estea legalmente rexistrado (documentación sanitaria obrigatoria do can).

6.- Naqueles campionatos en que estea en xogo un CACT ou CACIT deberán terse en conta a normativa da RSCCE ou FCI a estes efectos. As puntuacións neste caso serán:

CACIT 30 puntos(*)

CACT 25 puntos (*)

RCACIT 27 puntos (*)

RCACT 23 puntos (*)

(*) Sempre que as probas teñan esta validez, previa autorización da Real Sociedade Canina Española

7. Recibirán Placa de campión, o campión galego de Razas Británicas e o campión galego de Continentais trala celebración da COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO, unha vez sumada a maior puntuación obtida na competición libre da COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO, e as obtidas na competición oficial (provinciais e Copa Galicia – Campeonato Galego).

8. Os campións da Copa Galicia – Campeonato Galego de cans de parada (de británicos e continentais) serán exclusivamente campións desta proba, mesmo podendo esta quedar deserta de non haber puntuacións, en tanto que os campións galegos de Cans de parada resultará da suma de resultados tal como se especifica no punto anterior.

9. Ningún can poderá optar a clasificación se non participa na COPA GALICIA - CAMPIONATO GALEGO,, salvo causa xustificada

10.- Os cans serán servidos por un tirador designado pola organización para, sempre que sexa posible, abaterlle unha peza sobre a que o can fai o punto comprobando así a ausencia de medo ao disparo , así coma a efectividade do cobro; de non ser así realizarase o cobro en frío.

CAZA PRÁCTICA SOBRE ARCEA

As probas de caza practica sobre arcea rexeranse conforme o Regulamento Autonómico de Cans de Parada, se ben para esta modalidade aplicaranse as seguintes normas adicionais:

- 1.- Non se esixirá a inmovilidade do can á saída da arcea nin á detonación; polo tanto, non será eliminatorio que un can non respecte o voo á saída da peza.
- 2.- O can deberá ir localizable en todo momento, ben sexa con campaña ou con colar beeper en posición de busca e parada. Se as características do terreo así o esixen, permitirase o uso de colares de localización GPS.
- 3.- Ademais da clasificación xeral, en cada proba darase un premio especial o mellor can con idade menor a dous anos; este can tamén poderá entrar na clasificación xeral, no seu caso.
- 4.- En caso de que haxa cans clasificados, o resto da clasificación ata un mínimo de 3 cans darase por orde de méritos en función da prestación obtida polo can e a súa consonancia co estilo da raza. No caso de que ningún can acade un punto válido, farase tamén unha orde de méritos

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CAZA MENOR

- 1.- Tanto o Campeonato Provincial como o Autonómico disputarase mediante proba de campo, con caza silvestre. No caso de que algunha Federación Provincial tivera a necesidade de celebrar campionatos comarcais ou semifinais, estes poderanse realizar en Campos de Prácticas Cinexéticas sobre caza procedente de granxa autorizada. Considerarase tamén caza salvaxe ou caza silvestre, dun xeito extraordinario, aquela caza sementada a lo menos cun mes de antelación á celebración da proba”.
- 2.- A duración da competición non deberá exceder de cinco horas.
- 3.- Durante a competición cada concursante poderá utilizar un máximo de 15 cartuchos.
- 4.- Só se poden cazar as especies contempladas como tales na Orde Anual de Vedas; porén, a organización da proba pode establece-la prohibición de abater algunha destas e/ou limita-lo número de capturas, por razón de escaseza ou polo cumprimento do Plano de Aproveitamento Cinexético.
- 5.- O número de pezas e especies que pode abater cada concursante deberá especificalo o Director da Proba ao comezo da competición.
- 6.- As puntuacións das diferentes especies realizaranse conforme ao baremo que establece a Normativa da Federación Galega de Caza.

1) Perdiz.....	550 puntos
2) Arcea.....	500 puntos
3) Raposo.....	500 puntos
4) Lebre.....	360 puntos
5) Coello.....	350 puntos
6) Agacha.....	200 puntos
7) Parrulo real	200 puntos
8) Faisán.....	200 puntos

9) Pomba torcaza 150 puntos

10) Paspallás 100 puntos

7.- Os deportistas que cobren ou non pezas ao longo da competición, non poderán entrar no control ata que non se supere o ecuador da proba, ou tivera completado o cupo de caza establecido pola organización.

8.- Os participantes que non cobraron pezas, non puntuarán, salvo que non houbera suficientes clasificados; neste caso clasificaríanse por sorteo. Non podendo participar neste sorteo aqueles deportistas que entren despois do horario estipulado para a finalización da proba.

9.- Poderá participar calquera can que estea legalmente rexistrado (documentación sanitaria obrigatoria do can).

10.- Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación clasificarase en primeiro lugar o cazador que se presente antes no control.

11.- O director da proba poderá autorizar o uso do vehículo para un único desprazamento de ida e volta, dende o lugar de saída ata ao cazadoiro e retorno ao control, nunca para desprazarse pola zona de caza.

12.- Establécense no Campionato Galego as modalidades "Feminina" e "Adaptado", a inscrición, será libre. O primeiro clasificado de cada modalidade representará á selección galega no Campionato de España.

13.- Está permitido o uso de colar soamente con beeper. Tamén permitirase, o uso do colar GPS exclusivamente para a localización do can; o mando ou calquera elemento de conexión con o colar quedará baixo a custodia do director da proba.

14.- O director da proba será o encargado de delimitar o perímetro de seguridade de entrada e saída ao control. Á saída da proba estará totalmente prohibido aos participantes correr dentro da zona de seguridade.

15.- Penalizarase con 25 puntos por cada vaina de cartucho disparado e non presentada en control ao entregar as pezas, sen ningunha excepción.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE ARCEAS

1.- A duración da competición non excederá de cinco horas.

2.- Durante a competición cada concursante poderá utilizar un máximo de 10 cartuchos. En todo caso a escopeta non poderá conter máis de dous cartuchos en total.

3.- Só se pode cazar a ARCEA. O número de pezas a abatir será determinado pola organización de acordo con o establecido na Orden de Vedas.

4.- A puntuación da especie realizarase conforme ao baremo que establece o Regulamento da Federación Galega de Caza.

5.- Os deportistas que cobren ou non pezas ao longo da competición non poderán entrar no control ata que non se supere o ecuador da proba ou tivera completado o cupo de caza establecido pola organización. Permitirase a clasificación de cazadores que cheguen ata 15 minutos despois da hora marcada pola organización, penalizándose esta demora con arranxo ao seguinte criterio: 25 puntos por cada minuto de retraso con que se presente ao control.

6.- Cada vez que o participante cobre unha peza deberá entregala inmediatamente ao xuíz de campo, para proceder a súa marcaxe co precinto entregado pola organización. Logo portará a peza o participante ata o control, que deberá de presentar ao Xurado de competición na presenza do seu xuíz.

7.- O Xuíz de Campo anotará na ficha de control cada disparo efectuado, así como a hora exacta en que foi abatida, indicando as pezas abatidas e cobradas por cada tiro ou se fallou o disparo.

8.- Os participantes que non cobraron pezas, non puntuarán, salvo que non houbera suficientes clasificados; neste caso clasificaríanse por sorteo. Non podendo participar neste sorteo aqueles deportistas que entren despois do horario estipulado para a finalización da proba.

9.- Poderá participar calquera can que estea legalmente rexistrado (documentación sanitaria obrigatoria do can).

- 10.- Non entrará no cupo de pezas a abater as capturadas polo can sen previo disparo do concursante. As arceas capturadas polo can sen disparo, deberán ser entregadas ao xuíz e el será o encargado de levalas, non o cazador. Non sumarán ningún punto.
- 11.- Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación clasificarase en primeiro lugar o cazador que menos disparo realizara, e, de persistir o empate, o que primeiro entrara no control.
- 12.- Os cazadores clasificados para o Campionato de España deberán dispoñer de Seguro Voluntario de Danos a Terceiros con a cobertura mínima que cada ano determinen as normas da Real Federación Española de Caza.
- 13.- Establécense no Campionato Galego as modalidades "Feminina" e "Adaptado", a inscrición, será libre. O primeiro clasificado de cada modalidade representará á selección galega no Campionato de España.
- 14.- Está permitido o uso de colar soamente con beeper. Tamén permitirase, o uso do colar GPS exclusivamente para a localización do can; o mando ou calquera elemento de conexión con o colar quedará baixo a custodia do director da proba.
- 15.- Entregarase un mapa a cada participante e xuíz, o día da proba, no que estarán sinalizados os límites dos terreos da proba.
- 16.- Será desqualificado provisionalmente polo Xuíz de Campo o cazador que dispare máis de dez cartuchos.
- 17.- O director da proba será o encargado de delimitar o perímetro de seguridade de entrada e saída ao control. Á saída da proba estará prohibido aos participantes correr dentro da zona de seguridade.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CANS DE RASTRO DE COELLO

- 1.-Estarase ao contemplado no Regulamento oficial para as probas de Cans de Rastro.
- 2.- Nos campionatos oficiais entregaranse dous títulos: un, para o lote de cans campións, e outro, para o can campión. A FGC emitirá os certificados para ditos títulos.
- 3.- Poderá participar calquera can que estea legalmente rexistrado (documentación sanitaria obrigatoria do can).
- 4.- Os condutores dos lotes participantes, levaran os cans atrelados ate o xuíz, para a comprobación da identidade dos mesmos. A solta produciase no momento que decida o xuíz. Unha vez finalizado o tempo do lote o condutor recollerá os cans e sacaraos atrelados do campo.
- 5.- Ningún can poderá participar en mais dun campionato provincial.
- 6.- Nos campionatos, no caso de haber limitación de prazas, primeiro inscribírase un lote de cada propietario; a continuación un segundo lote, e así sucesivamente ata completar as prazas. O participante conforme ao artigo 24 do Regulamento, que non estea á hora establecida na súa quenda de participación poderá ser desqualificado a criterio da organización ou Director da Proba.
- 7.- Cada lote deberá inscribirse cun condutor que durante a proba deberá actuar como tal.
- 8.- Modalidade "CARA DE CAN": Os participantes competirán cun can por espazo dunha hora, con un ou dous participantes no mesmo campo, según o sorteo realizado. Do campo pasará a rolda o can que máis puntuación acade, na que volverá a competir nas mesmas condicións ata chegar á final, según a tarxeta de puntuación.
- 9.- Con carácter xeral designaranse 4 lotes por xuíz, podendo aumentarse a 5 si circunstancias excepcionais así o aconsellan.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE RAPOSO

A competición de Raposo con cans de rastro ten por obxecto fomentar a camaradería e a sociabilidade deportiva entre aqueles cazadores desta especie unidos por esta afección. Cando nos nosos montes escasea a perdiz, o coello e a lebre, vemos con xúbilo que o raposo aumenta cada ano a súa poboación.

A competición do Raposo rexerase polo Regulamento de Caza Menor, prevalecendo as normas seguintes:

- 1.- Neste campionato o raposo é a única peza cazable. Será desqualificado o equipo que abata outra peza distinta.
- 2.- A participación será por equipos. Cada equipo estará composto por nove cazadores e un xuíz.

- 3.- A competición efectiva durará un máximo de 6 horas. Habilitarase o tempo necesario en cada competición para a saída e chegada dende os campos ao control. A hora de peche será fixada pola organización da proba. O director da proba poderá prolongar a hora de peche do control se circunstancias excepcionais así o requiren, sempre que estas afecten a varios participantes, por exemplo nos casos de sabotaxe, aglomeracións de participantes no control, etc. Non se poderá entrar no control antes de transcorrido o 50% do tempo da competición.
- 4.- A puntuación será de 500 puntos/raposo. En caso de empate entre equipos resolverase, en primeira instancia polo maior número exemplares de machos abatidos, e de persisti-lo empate resolverase por sorteo.
- 5.- Só se permite usa-lo coche para desprazarse do lugar de concentración ao lugar da proba e ao retorno, así como para a recollida de cans.
- 6.- O director da proba poderá autoriza-lo uso de vehículo se circunstancias especiais así o aconsellan.
- 7.- A organización terá que establecer tantas zonas como equipos inscritos de maneira que se permita cazar con amplitude.
- 8.- Queda limitado o número de cans por cuadrilla a un mínimo de dous e un máximo de dez. Non se permitirá a participación de cans con mostras ostensibles de enfermidade, ou de non estar desparasitados, nin de cadelas en período de celo.
- 9.- Permitiranse o uso de colares localizadores de cans.
- 10.- O uso das emisoras farase con aquelas autorizadas para o exercicio da caza.
- 11.- Os raposos abatidos serán identificados a través dun distintivo no que conste o nome do cazador que o abateu, a hora da captura e o sexo, debendo ser verificada esta anotación polo xuíz.
- 12.- Non serán admitidos os raposos que debido a lesións excesivas non se lles poida facer a oportuna inspección veterinaria.
- 13.- Durante a competición as armas e cartuchos a utilizar polo cazador deberán cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente para esta competición (3 cartuchos de munición na escopeta).
- 14.- O raposos abatidos serán presentados no control dentro do tempo establecido, e dunha soa vez polo xuíz e o xefe de cuadrilla. Os raposos presentados fóra da hora establecida como peche do control non puntuarán.
- 15.- Se o comité técnico ditamina que unha peza non foi abatida legalmente no tempo da cacería e así o ratifica o xurado de competición o equipo quedará descalificado na proba.
- 16.- No referente a visita ao campo, esta quedara supeditada ao criterio da organización.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CETRARÍA

1.- As competicións serán de inscrición libre.

2.- Puntuacións:

Campión	20 puntos
Subcampión	15 puntos
3º	11 Puntos
4º	8 puntos
5º	6 puntos
6º	5 puntos
7º	4 puntos
8º	3 puntos
9º	2 puntos
10º	1 punto

No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. No caso de persistir dito empate, resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións. De non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

3.- Para representar a Galicia no Campionato de España o cetreiro debe ser galego. A estes efectos, enténdese como galego aquel que acode representando a unha sociedade de caza ou de cetrería inscrita no rexistro da FGC.

4.- Só terán dereito a clasificación nos Campionatos Provinciais os cetreiros con domicilio na provincia correspondente.

5.- No tocante o can empregado como auxiliar neste tipo de competicións, poderá participar calquera can que estea legalmente rexistrado (pasaporte).

6.- Recibirán Placa de campión, o campión galego de Baixo Voo nas categorías harris, azor, falcón, o campión galego de Sky Trial e o campión galego de Pequenas Aves.

BAIXO VOO

1.-Este campionato desenvolverase mediante proba de campo, desenvolvéndose nun campo de voo natural pero con presas susceptibles de ser cazadas de escape, soltadas con caixa de lanzar. A proba consta de fase clasificatoria e de fase final. Na fase clasificatoria participarán os cetreiros que cumpran os requisitos establecidos pola Federación. En caso de fixar unha cota total de competidores para axilizar o evento, darase preferencia a aqueles que quedasen primeiros nos campionatos provinciais se é que se realizaron, podendo inscribir cada cetreiro como máximo de dúas aves.

Tódolos escapes deberan ir anelados dalgún xeito que os identifique e que non lles afecte á hora de voar (argolas ou bridas numeradas).

2.- Na final, participarán o número proporcional que estime a dirección de campo máis o campión da edición anterior por cada tipo de ave (harris, azor, sky trial e falcón). O resultado final obterase da media das puntuacións da proba clasificatoria e da final.

3.- O terreo será acorde a este tipo de lances de baixo voo, coidando que sexa o suficientemente visible para que os xuíces observen sen dificultade os lances dende o seu inicio ata o final. Non hai que esquecer á hora de elixir o campo que os xuíces teñen que medir cun telémetro, a distancia do lance (distancia percorrida dende o punto de solta ata o lugar onde a ave captura ou o lugar onde entra a intentar capturar). Se non se pode medir dunha soa vez, terán que coller varios puntos de referencia para medir.

4.- Participarán aves de cetraría de baixo voo.

5.- A proba será xulgada por polo menos dous xuíces coa titulación requirida, que serán asistidos por axudantes (que deberan posuír a titulación de xuíz. A puntuación do participante sacarase da media das puntuacións dos xuíces, que cubriran unha ficha cada un por separado.

6.- A quenda tanto na proba clasificatoria como na final será por sorteo.

7.- Cando por circunstancias imprevisibles e alleas ao participante a súa quenda se vexa alterado de maneira que inflúa negativamente sobre a súa posible cualificación, poderá declarar a nulidade da quenda, tendo dereito a unha quenda seguida inmediatamente ao seguinte participante. De xeito xeral o director de campo aceptará a solicitude dun voo nulo sobre todo nas seguintes circunstancias:

- Que o escape saia moi frouxo e se tire ao chan sen voar, sempre que exista intención por parte da ave de capturar.
- Que durante o lance acontezan circunstancias alleas á organización, por exemplo:
 - Un escape anterior que se queda no campo e se cruce.
 - O público que colla o escape ou interveña dalgunha forma no lance.
 - Un can que entra no campo de voo.
 - En fin, causas anómalas que alteren claramente o desenvolvemento da proba.

A declaración de quenda nulo será competencia do Director de Campo, solicitando información dos xuíces se así o desexa.

8.- A actuación de cada participante puntuarase atendendo ás seguintes fases:

1. Actitude de caza.
2. Voo sobre a presa.
3. Captura.

4. Cambio da presa.
5. Global do lance.

9.- O máximo de puntos é de 55, as fases que máis puntuación teñen son: a 2ª "voo sobre a presa" e a 3ª "captura", que teñen 15 puntos cada unha, ou sexa, un total de 30 puntos, a fase 4ª "Cambio da presa", onde se poderán obter ata 15 puntos, dependendo da distancia á que voe a presa, a traxectoria que realice sexa rabo a vento, pico a vento, sen aire, etc. Para calcular a distancia á que se produciu a captura, os xuíces medirán con telémetro a distancia entre o punto de solta e a captura. Ás fases 1ª "actitude de caza" e 5ª "global do lance" teñen cada unha 5 puntos, anotándose aspectos como: o estado da ave, a colocación do ceteiro, a actitude da ave e do ceteiro, forma de sacar a presa, etc. cinguíndose escrupulosamente aos apartados que veñen reflectidos para encadrar as puntuacións.

10.- Fases de puntuación:

FICHA DE PUNTUACIÓN: BAIXO VOO AZORES - HARRIS - BRAZO TORNADO		
1ª Fase: ACTITUDE DE CAZA		
DESATENTO	0	
ATENTO E ACABA LEVEMENTE CORRECTO	1	
CORRECTO E DISTRAESE/LANZA AVE DAS PIHUELAS NON SE OBSERVA REACCIÓN	2	
CORRECTO	3	
CORRECTO E EN TENSÍON BUSCANDO	4	
MOI ATENTO, REVIS A CAMPO CONTINUAMENTE EN TENSÍON	5	
2ª Fase: VOO SOBRE A PRESA		
NON SAE DO PUÑO/SAE E ABANDONA	0	
BATE NORMAL E PLANE A RABO A VENTO/LATERAL 1/1,5	1/1,5	
BATE NORMAL E PLANE A PICO A VENTO	2	
BATE NORMAL E NON PLANE A RABO A VENTO	3	
BATE NORMAL E NON PLANE A LATERAL	3,5	
BATE NORMAL E NON PLANE A PICO A VENTO OU FAI CAMBIOS DE DIRECCIÓN	4	
BATE FORTE E ALTERNA PLANEOS RABO A VENTO	4,5	
BATE FORTE E ALTERNA PLANEOS LATERAL	5	
BATE FORTE E ALTERNA PLANEOS PICO A VENTO OU FAI CAMBIOS DE DIRECCIÓN	5,5	
BATE FORTE RABO A VENTO TODO O LANCE E NON PLANE A	6	
BATE FORTE RABO A VENTO E CAMBIA A LATERAL E NON PLANE A	6,5	
BATE FORTE RABO A VENTO E CAMBIA PICO A VENTO E NON PLANE A	7	
BATE FORTE LATERAL TODO O LANCE E NON PLANE A	7,5	
BATE FORTE LATERAL E CAMBIA RABO A VENTO E NON PLANE A	8	
BATE FORTE LATERAL E CAMBIA PICO A VENTO E NON PLANE A	8,5	
BATE FORTE PICO A VENTO E CAMBIA RABO A VENTO E NON PLANE A	9	
BATE FORTE PICO A VENTO E CAMBIA LATERAL E NON PLANE A	9,5	
BATE FORTE PICO A VENTO TODO O LANCE E NON PLANE A OU FAI 360º	10	
BATE MOI FORTE RABO A VENTO TODO O LANCE E NON PLANE A	10,5	
BATE MOI FORTE RABO A VENTO E CAMBIA A LATERAL E NON PLANE A	11	
BATE MOI FORTE RABO A VENTO E CAMBIA PICO A VENTO E NON PLANE A	11,5	
BATE MOI FORTE LATERAL TODO O LANCE E NON PLANE A	12	
BATE MOI FORTE LATERAL E CAMBIA RABO A VENTO E NON PLANE A	12,5	
BATE MOI FORTE LATERAL E CAMBIA PICO A VENTO E NON PLANE A	13	
BATE MOI FORTE PICO A VENTO E CAMBIA RABO A VENTO E NON PLANE A	13,5	
BATE MOI FORTE PICO A VENTO E CAMBIA LATERAL E NON PLANE A	14	
MOI BATE FORTE PICO A VENTO TODO O LANCE E NON PLANE A OU FAI 360º	15	
3ª Fase: CAPTURA		
REHÚSA/PÓUSASE LONXE DA FERIDA OU PRESA SEN INTERESE	0	
NON CAPTURA E RECAZA CHEGANDO A FERIDA	1	
NON CAPTURA E RECAZA SEN CAPTURAR 1 VEZ	2	
NON CAPTURA E RECAZA SEN CAPTURAR 2 VECES	3	
NON CAPTURA E RECAZA SEN CAPTURAR 3 OU MAIS VECES	4	
NON CAPTURA E RECAZA CON CAPTURA 4 VECES OU MAIS (ANOTAR TOTAL INTENTOS)	4,5/5	
NON CAPTURA E RECAZA 3 VECES CON CAPTURA	5,5	
NON CAPTURA E RECAZA 2 VECES CON CAPTURA	6	
NON CAPTURA E RECAZA 1 VEZ CON CAPTURA	6,5	
CAP. NO CHAN CON DECISIÓN E RETÉN, PERO DEIXA QUE SE POUSE A PRESA	7	
CAPTURA NO CHAN, ESCÁPASE E CAPTURA NO AIRE (- 400 m)	7,5	
CAPTURA NO CHAN, ESCÁPASE E CAPTURA NO AIRE (+ 400 m)	8	
CAPTURA NO CHAN CON DECISIÓN E RETÉN CON CHEGADA INMEDIATA (-200 m)	8,5	
CAPTURA NO CHAN CON DECISIÓN E RETÉN CON CHEGADA INMEDIATA (201 a 300 m)	9	
CAPTURA NO CHAN CON DECISIÓN E RETÉN CON CHEGADA INMEDIATA (+300 m)	9,5	
CAPTURA NO AIRE MOI PRETO DO PUNTO DE SERVIZO	10	
CAPTURA NO AIRE, ESCÁPASE E CAPTURA NO CHAN OU AIRE (- 400 m)	10,5	
CAPTURA NO AIRE, ESCÁPASE E CAPTURA NO CHAN (+ 400 m)	11	
CAPTURA NO AIRE, ESCÁPASE E CAPTURA NO AIRE (+ 400 m)	11,5	
CAPTURA NO AIRE A NIVEL DE CHAN (- 1 DUN METRO) TRAXECTORIA CURTA (- 300 m)	12	
CAPTURA NO AIRE A media altura (DE 1 A 3 METROS) TRAXECTORIA CURTA (-300 m)	12,5	
CAPTURA NO AIRE ALTO (MAIS DE 3 METROS) TRAXECTORIA CURTA (-300 m)	13	
CAPTURA NO AIRE A NIVEL DE CHAN (- 1 DUN METRO) (+ 300 m)	13,5	
CAPTURA NO AIRE A media altura (DE 1 A 3 METROS) (+ 300 m)	14	
CAPTURA NO AIRE ALTO (MAIS DE 3 METROS) (+300 m)	15	

4ª Fase: CAMBIO DA PRESA		
NON HAI CAMBIO/ LEVA EN MAN E AFÁSTASE	0	
LEVANTA O AVE E PRESA DO CHAN SEN FACER CAMBIO	1	
LEVA UN POUCO EN MAN (POUCO DESPRAZAMENTO) RECUPERA AVE CON CAMBIO RÁPIDO	2	
CAMBIO DURA MÁIS DE 2 MINUTOS SEN LEVAR EN MAN	3	
CAMBIO DURA DE 1 A 2 MINUTOS SEN LEVAR EN MAN	4	
CAMBIO DURA MENOS DE 1 MINUTO SEN LEVAR EN MAN	5	
5ª Fase: GLOBAL DO LANCE		
PRESENTACIÓN AOS XUICES DO PARTICIPANTE E DO AVE	0,5/ 1	
INDUMENTARIA E EQUIPO CETRERO (TELEMETRÍA, VESTIARIO, Etc.)	0,5/ 1	
EXPLICACIÓN DA FORMA DE EXECUTAR LANCE DE FORMA CORRECTA	1	
REALIZA O QUE EXPLICOU CORRECTAMENTE	1	
ESTADO DA PLUMA, JALDE, MANSEDUMBRE	0,5/ 1	
CALIFICACIÓN TOTAL DEL VUELO.....		

FASES

Actitude de caza	De 0 a 5 puntos
Voo sobre a presa	De 0 a 15 puntos
Captura	De 0 a 15 puntos
Cambio da presa	De 0 a 15 puntos
Global do lance	Ata 5 puntos

SKY TRIAL ALTANERÍA

Nesta modalidade a realización do lance antes dos dez minutos regulamentarios, pero despois dos cinco primeiros, terá unha bonificación dun punto por minuto.

En caso de empates procederase de igual xeito que en Baixo Voo.

A actuación do ave valorarase en atención ás seguintes fases conforme a táboa do regulamento.

- 1. Ascensión, potencia, remontada**
- 2. Altura**
- 3. Posición**
- 4. Picado**
- 5. Captura**
- 6. Tempo de voo** A duración do lance será de 10 minutos desde que se descaperuza ata a súa recollida. Terá un minuto de cortesía (no que se refire á remontada) desde que se lle quita a caperuza ata que salga a voar. Pasado devandito minuto, empezará a contar o tempo da remontada aínda non saíndo do puño. No minuto 8 desde a saída do puño ou pasado o minuto de cortesía, soltarase a pomba ordenado polos xuíces e entenderase que non é un voo controlado por tanto penalizarase con (-10 puntos).
- 7. Bonificacións** O recoller sen dúbidas nin desprazamento do reclamo terá unha bonificación máxima de 4 puntos. Por cada minuto non usado antes da solta obrigada, bonificarase con 2 puntos.
- 8. Penalizacións** Recoller o ave ao reclamo tendo este máis dun terzo de pomba (-4 puntos). Ensinar reclamo durante o desenvolvemento do lance (-6 puntos). Solta da pomba no minuto 8 polos xuíces (-10 puntos) Voo non controlado. Se despois da solta da pomba, a criterio do xuíz da proba, o ave dubida no ataque á pomba ou realiza o picado en dous ou máis tramos non estando ben realizado dunha forma vertical ou case vertical a gran velocidade (De -1 a - 5 puntos).

ALTANERÍA CON CAN

Esta modalidade desenvolverase conforme ao establecido no vixente Regulamento da Federación Galega de Caza.

CAMPIONATO GALEGO MODALIDADE PEQUENAS AVES

O Campionato Galego de pequenas aves rexerase polo regulamento de Federación Galega de Caza.

FASES

Actitude de caza	De 0 a 5 puntos
Voo sobre a presa	De 0 a 15 puntos
Captura	De 0 a 15 puntos
Cambio da presa	De 0 a 5 puntos
Global do lance	Ata 5 puntos

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE PAXARILES

Normas que regularán os campionatos de Paxariles da Federación Galega de Caza

O Silvestrismo é unha modalidade deportiva que ten por finalidade a educación o canto dos paxaros silvestres (Xilgaros, Liñaceiros, Verderolos e os seus respectivos mixtos), que ten como funcións básicas as seguintes:

- Captura de exemplares e preselección.
- Educación ao canto.
- Selección dos exemplares mais adecuados e devolución ao medio natural de aqueles exemplares que non reúnan unhas calidades canoras mínimas.
- Cría en cativeiro.
- Participación nos campionatos de canto de paxaros silvestres.

Desenvolvemento das probas:

1.- Poderá participar aquel silvestrista federado que acode representando a un club deportivo federado ou unha sociedade de caza federada de calquera autonomía que teña nos seus estatutos a modalidade de caza e a especialidade deportiva de paxariles. Poderán participar nos campionatos as plumas de Xilgaro, Liñaceiro, Verderolos, Xilgaro Campero, e os híbridos das variedades mencionadas. Os exemplares que se presenten a unha proba deberán posuír as anelas da FGC ou outra federación autonómica de caza.

2.- O número de exemplares a participar nas plumas de Xilgaro, Liñaceiro, Verderolo e Xilgaro Campero será de 54, é dicir (18 quendas como máximo en quendas de 3 exemplares). La participación en el Campeonato Galego será proporcional a los federados de cada provincia quedando de la seguinte forma:

	Xilgaro	Liñaceiro	Verderolo	Xilgaro Campero
CORUÑA	19	19	19	19
LUGO	15	15	15	15
OURENSE	5	5	5	5
PONTEVEDRA	15	15	15	15
TOTAL	54	54	54	54

No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado en unha proba autonómica, a Federación Galega de Caza cubrirá estes postos mediante a repesca realizada de forma proporcional en aquelas provincias que teñan unha participación mais numerosa.

O número de exemplares a participar nas plumas de Mixto de Xilgaro, Mixto de Liñaceiro e Mixto de Verderolo e Mixto Xilgaro Campero será de 54, é dicir (18 quendas como máximo en quendas de 3 exemplares). La participación en el Campeonato Galego será proporcional a los federados de cada provincia quedando de la siguiente forma:

	Mixto. Xilgaro	Mixto. Liñaceiro	Mixto. Verderolo	Mixto Xilgaro Campero
CORUÑA	19	19	19	19

LUGO	15	15	15	15
OURENSE	5	5	5	5
PONTEVEDRA	15	15	15	15
TOTAL	54	54	54	54

No caso de que unha provincia non cubra o cupo asignado en unha proba autonómica, a Federación Galega de Caza cubrirá estes postos mediante a repesca realizada de forma proporcional en aquelas provincias que teñan unha participación mais numerosa.

3.- A orde de actuación dos paxaros participantes farase por sorteo, procurando evitar que nunha mesma quenda participe máis dun exemplar do mesmo dono.

4.- As quendas estarán compostas dun máximo de tres exemplares e dun mínimo de dous.

5.- Se efectuada a división das quendas resultara que a última quedara composta por un solo paxaro; procederase de xeito que da quenda inmediatamente anterior se retirara o paxaro de maior número de orde e trasladarase a esta última.

6.- As perchas de colgar as gaiolas terán unha altura máxima de 1,20 metros e mínima de 1 metro. Os paxaros que compitan nunha mesma quenda estarán separados entre si por unha distancia mínima de 5 metros.

7.- Será obrigatorio que tódalas gaiolas leven tapado un lateral cunha tabliña ou celadeira que impida que os paxaros se vexan.

8.- A cada paxaro participante seralle asignado un número que obrigatoriamente portara pegado na gaiola de xeito visible durante o transcurso da competición.

9.- O tempo de colgada ou actuación de cada unha das quendas será dun máximo de 12 minutos e un mínimo de 8 minutos dependendo do numero de participantes na proba, a criterio dos xuíces da competición e de acordo coa organización.

10.- A Organización do campionato debera ter un taboleiro para cada variedade; neles anotaranse a orde de actuación dos paxaros inscritos, a fin de que os participantes e afeccionados poidan seguir o desenrolo da proba.

11.- A organización deberá dispoñer dun equipo suficiente de colaboradores que serán os encargados de recoller, colgar, descolgar e devolver aos seus donos os paxaros participantes. Asemade, controlarán os números dos precintos dos paxaros participantes.

12.- Dentro do recinto de xuízo solo poderá permanecer o persoal colaborador e os xuíces actuantes.

13.- Os Xuíces de Mesa puntuarán en base ao código de canto da Federación Galega de Caza, cumprimentando debidamente as planillas de xuízo.

14.- Os Xuíces de Mesa non poderán ser ao mesmo tempo participantes dos Campionatos de Silvestrismo da variedade e categoría que estean a xulgar pero si poderán ser participantes noutras variedades e categorías que se celebren no mesmo Campionato.

15.- A decisión ou resultado que formulen os Xuíces de Mesa será inapelable.

16.- Queda prohibido aos participantes e ao público en xeral dirixirse os Xuíces actuantes mentres estean a desenrolar as súas funcións.

Desempates:

No caso de que dous ou máis paxaros da mesma variedade e categoría queden empatados a puntos nun Campionato desempatarase atendendo en primeiro lugar ás penalizacións, de xeito que quede primeiro o paxaro menos penalizado; no segundo lugar atenderase á Impresión, quedando diante o paxaro que acumule máis puntos no apartado da Impresión; de persistir o empate resolverase a chou.

Formación da selección galega:

1.- A clasificación para o Campionato España de Paxariles poderán constar de varias fases (enténdase campionatos provinciais, galego, sociais, etc.).

2.- Clasificaranse para a final do Campionato de España os paxaros que consigan maior no campionato Autonómico, clasificándose de maior a menor ata cubrir o número de prazas por pluma asignado pola Federación Galega de Caza.

3.- En caso de empate a puntos, clasificarase en primeiro lugar o paxaro que menos puntos negativos teña, en caso de persistir o empate, clasificarase en primeiro lugar o paxaro que obtivese unha maior puntuación no apartado de Impresión e de persistir o empate resolverase a chou .

4.- A final do Campionato Galego será o último Campionato puntuable da selección galega que disputará o Campionato de España. Para poder clasificarse para o Campionato de España será obrigatorio participar na final do Campionato Galego.

5.- Quedará Campión Galego o paxaro vencedor en cada variedade e categoría na proba de campo da final do Campionato Galego.

6.- A cada paxaro participante seralle asignado un número de precinto que será a súa única identificación válida; dito precinto colocarse na primeira proba clasificatoria na que participe, e deberá permanecer ao longo das distintas fases nas que compita. Correspóndelle á organización da proba a colocación do devandito precinto, de xeito que impida a apertura da porta da gaiola. Calquera manipulación do precinto dará lugar a descualificación do participante.

7.- Ao Campionato Galego acudirán os paxaros que opten a clasificarse para o Campionato de España. Todo paxaro que acuda ao Campionato Galego sen precinto (procedente do campionato provincial) non terá opción de clasificarse para o Campionato de España. Iso quere dicir que se pode dala circunstancia de que un paxaro sexa Campión Galego e con todo non se poida clasificar para a final do Campionato de España.

8.- Poderán participar nos Campionatos as variedades de Xílgaro, Liñaceiro, Verderolo e Xílgaro Campero e os híbridos das variedades mencionadas.

9.- Se nunha determinada variedade a inscrición fose inferior a 4 paxaros pertencentes a un mínimo de 2 participantes o Xurado da competición citará á final de Campionato Galego aos exemplares inscritos; unha vez escoitados os paxaros presentados os xuíces deliberarán sobre a calidade de ditos exemplares e poderán:

a) Declarar deserta a clasificación nesa variedade.

b) Clasificar directamente ao exemplar ou exemplares que tivesen unha calidade mínima para participar na fase final de Campionato de España.

10.- Trala finalización do Campionato Galego e no prazo máximo de 3 días os propietarios dos paxaros con dereito a clasificarse para a Final do Campionato de España deberán nese momento acepta-la súa clasificación; no caso de non estaren presentes ou non avisar da súa aceptación considerarase que renuncian a dita clasificación cedendo o dereito ao propietario do paxaro clasificado a continuación.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE RASTRO DE XABARIL

1.- O Campionato Galego de Xabaril rexerase polo Regulamento da Federación Galega de Caza agás aquelas cuestións que figuren recollidas na presente Normativa de Competicións da FGC.

2.- Nas competicións de xabaril poderase participar con máis dun can agás no Campionato Galego no que cada participante deberá inscribirse unicamente cun can. Aqueles participantes que competiran con máis dun can nas probas previas –campionato provincial, Copa Galicia- deberán inscribirse no Campionato Galego co can co cal obtiveran maior puntuación. Se por causa de forza maior houbese que proceder ao cambio do can o participante deberá solicitalo por escrito.

3.- O número máximo de equipos por campo na proba clasificatoria será de 15, salvo autorización expresa do Comité de xuíces e árbitros.

4.- A quenda de competición para o primeiro can será por sorteo; os segundos ou terceiros quendas, se os houbera, serán a criterio do Director da Proba.

5.- Establécese a categoría Júnior en tódalas probas oficiais para os monteiros participantes de idades ata os 21 anos. A categoría Júnior participará no mesmo campo que os outros participantes.

6.- Pasarán a fase final da proba o mesmo número de cans de cada campo sempre que teñan puntuación. O número de monteiros, nesta fase, será o 30% do total de participantes. Cando o 30% non sexa un número exacto redondearase por exceso.

Para formar a Selección Galega elixíranse aqueles dous equipos da Copa Galicia que obtiveran a maior puntuación na suma dos seus mellores resultados en tres campionatos provinciais, mais a mellor puntuación nas restantes probas da Copa Galicia. Os restantes equipos da Selección Galega, ata completar o número de prazas asignado, serán os mellores clasificados no Campionato Galego.

Será obrigatoria a participación no Campionato Galego dos dous clasificados para a Selección Galega pola Copa Galicia, e só poderán optar aos premios e méritos desta proba.

CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL SALVAXE ("A TRAILLA")

- 1.- A competición constará de dúas fases, unha clasificatoria e unha proba final.
- 2.- O número máximo de equipos por campo na proba clasificatoria será de 10.
- 3.- O primeiro clasificado de cada campo pasará a proba final, podendo ampliarse este número si a organización así o estipula.
- 4.- O tempo máximo de participación na proba clasificatoria será de 15 minutos e o mínimo de 8. Non será necesario que o equipo competidor esgote o tempo máximo, sempre e cando o xuíz así o determine. Si valora que o percorrido é suficiente no relativo ó seguimento do rastro e ten os datos suficientes para dar unha cualificación do traballo feito en todos os apartados, non será necesario que esgote o tempo total. Teremos en conta, que o tempo de participación comeza no momento en que o xuíz confirma que o rastro que se proporciona ó equipo é o dun xabaril (si non fose así, seguiríamos ata identificalo).
- 5.- O tempo na proba final será inferior ó da clasificatoria, e serán os xuíces e a organización os que determinen a súa duración. Este dependerá do número de equipos na proba final, así como, dos rastros dispoñibles cos que podemos contar.
- 6.- No suposto de que un equipo participante durante o seu percorrido levante o xabaril e non transcorrese o tempo mínimo de competición, o xuíz poderá determinar que o "turno" se suspende nese punto e se inicia noutro rastro hasta que finalice o tempo. Ou ben pode dar por finalizada a prestación si así o considera, xa que o "turno" foi suficiente para valoralo.
- 7.- É necesario que en cada campo de competición, tanto os guías como os "cans guía" que buscaron e propuxeron os rastros a organización, estean presentes durante todo o tempo da proba, para confirmar que o rastro que se lle proporciona ó equipo concursante é "bo". Sobre todo no suposto de que algún dos cans participantes, non fosen capaces de iniciar o rastro que se lle proporciona.
- 8.- Si participasen algúns dos "cans guía", farano en campos onde non estiveran previamente buscando os rastros, aínda que sería recomendable que non participasen, pero de facelo teríase este punto en conta.

Criterios de xuízo:

9.- Os criterios de puntuación serán similares os das probas de xabaril "manso", pero tendo en conta que algúns de eles e que figuran nas fichas que dispoñemos, son máis difíciles de avaliar tratándose de xabaril salvaxe.

10.- As cualificacións serán as seguintes:

EXCELENTE (EXC):	300 a 270 puntos
MOI BO (MB):	269 a 210 "
BO (B):	209 a 150 "
SUFICIENTE (S):	149 A 100 "

11.- O xuíz según estas cualificacións, fará unha clasificación do seu campo, de onde sairá o equipo que participará na proba final. Si por calquera motivo non houbera equipo clasificado en algún campo (porque foron eliminados ou similar), estas prazas poden ser ocupadas polos equipos doutros campos que obtiveran unha maior puntuación, sempre a criterio dos xuíces e do director da proba.

A FIXACION do rastro será obrigatoria.

12.- O xuíz poderá parar o "turno" de participación dun equipo, para comprobar co can guía ou por outro medio que crea convinte, que efectivamente o equipo participante vai sobre o rastro dun xabaril.

13.- A lonxitude da traela será a elección do monteiro. Terase en conta a manexabilidade polo monteiro, o seu estilo e que a lonxitude da mesma sexa suficiente para que o can poida seguir o rastro do xabaril sen a inxerencia do condutor.

14.- No se poderá soltar a traela durante o "turno" de competición, salvo en casos moi puntuais ou por forza maior.

15.- Se o can non "cortase" ou "enganchase" o rastro no lugar onde se lle facilita, e despois de comprobar cun "can guía" que o rastro é bo, o xuíz poderá darlle outra oportunidade noutro punto do percorrido. En caso de que neste novo punto de enganche, o can corta e segue o rastro, a puntuación máxima que poderá obter será de MOI BO.

Eliminacións:

16.- Se durante o “turno” o can cambiase de rastro a outra especie que non fose o xabaril, será eliminado.

17.- Se no inicio do “turno” o can participante non cortase o rastro a segunda vez que se lle proporciona, será eliminado (sempre despois de confirmar cun “can guía”.

18.- Se o monteiro soltase a traela durante o “turno” sen un motivo xustificado, o equipo será eliminado.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE CAZA CON ARCO

O campionato galego será de participación libre.

As presentes normas complementarán o actual regulamento de competicións de caza con arco para facilita-la realización das competicións.

1.- Nas competicións haberá un xuíz principal nomeado pola Federación Galega de Caza que será o responsable da proba e delegará noutros tiradores que actuasen como xuíces auxiliares.

2.- A organización dispoñerá de algún persoal auxiliar para asistir aos xuíces nas tarefas de montaxe que sexan necesarias.

3.- A distancia mínima de tiro a unha diana será de 0 metros e a máxima de 30 metros.

4.- A distancia de tiro para tódalas propostas será de 0 a 30 metros, excepto en asexo. Tódolos participantes tirarán dende o mesmo lugar. Na propostas cronometradas, os xuíces pasarán o tempo aos menores de 14 anos.

5.- Está permitida a competición con calquera tipo de material nas frechas.

6.- Se existen dianas defectuosas débese evitar a súa colocación, e se fose necesario o seu uso débese declarar ante tódolos participantes de forma previa á competición e intentar restrinxir-lo seu uso ás propostas comúns. Nas probas comúns non se penalizará por ningún concepto, salvo nos de seguridade, realizándose á vista de todos os integrantes da patrulla e unicamente con limitación de tempo para completala.

7.- Nas propostas que inclúan dianas con movemento, este será uniforme en tódolos casos para garanti-la equidade entre os participantes.

8.- O uso de coitelas de caza nunha proba requirirá dunha especial observancia da seguridade na proposta. Permítese calquera modelo considerado de caza no retráctil. Os nenos menores de 14 anos farán esta proba con puntas normais.

9.- Está prohibido o uso de móbiles sen autorización durante a competición.

10.- As fichas cubriranse cos datos dos participantes por cada un deles, incluíndo o nome completo e letra da cuadrilla. As puntuacións cubriranse por parte do xuíz e calquera defecto ou irregularidade nas mesmas determinará a anulación da tirada completa para o participante.

11.- Nas dianas de caza maior, as zonas de puntuación consideraranse: 10 puntos o impacto dentro ou no círculo interno, 7 puntos no espazo determinado entre o círculo interno e o externo, ou no círculo externo mesmo, e 3 puntos o impacto en calquera outro lugar do animal.

12.- A puntuación das competicións que se leven a cabo en Galicia suporán que o primeiro clasificado obteña 14 puntos, o segundo 11, o terceiro 9, o cuarto 7, quinto 6, sexto 5, sétimo 4, oitavo 3, noveno 2, e o décimo 1. A suma dos puntos das distintas competicións puntuables determinará os postos dos campións galegos. O Campionato Galego será unha proba obrigatoria. De entre as competicións puntuables tomaranse os 3 mellores resultados de cada participante.

13.- En caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. De persisti-lo empate primará a puntuación obtida no campionato galego.

NORMAS PARA OS CAMPIONATOS DE AGILITY

O Campionato Autonómico de Agility da FGC terá formato de liga.

1.- As probas de Agility rexerase polo regulamento de FGC.

2.- Todas as probas da liga Galega serán probas OPEN, polo tanto, permítese a participación de calquera guía que posúa a correspondente licenza federativa de caza en vigor no momento da proba. Solo poderán computar puntos para a Liga Galega de Agility,

aqueles guías que pertencen a un club inscrito na Federación Galega de Caza (FGC). As/Os participantes doutras comunidades ou cidades autónomas non obterán puntos para a Liga Galega de Agility, pero si optarán ao podio da proba e ao premio que lle corresponda segundo a súa posición na clasificación.

3.- A liga estará formada polas probas que soliciten os clubs federados na proposta do calendario oficial previa o comezo de cada tempada.

A efectos de cómputo de puntuación, teranse en conta o 85% das mellores clasificacións (redondeando ao número enteiro máis próximo).

4.- Os niveis son a maneira de agrupar os binomios en función do nivel técnico acadado. Existen 3 niveis nas competicións: Iniciación, Promoción e Competición, este último conformando a Liga Galega. Realizaranse: 5 categorías na Liga Galega:

- Liga infantil
- Liga xuvenil
- Liga absoluta
- Liga sénior
- Liga paragility

5.- As probas de Liga desenvolveranse os fins de semana ou festivos en calquera horario. Poderán realizarse probas de carácter extraordinario (fóra de liga) de nivel iniciación, promoción, ou OPEN competición noutros días hábiles, anterior ou posterior os días da liga, sendo solicitadas cun mínimo de 45 días de antelación respecto da data de celebración, e requirindo sempre autorización por parte da FGC.

6.- As datas do calendario das probas da Liga Galega so se poderán modificar se coinciden con algunha proba superior importante a nivel nacional ou internacional, a xulgar pola FGC.

7.- O programa informático que se empregará para a xestión das probas da Liga Galega será o proporcionado pola FGC.

8.- Os xuíces das probas os proporá o club organizador da proba á Comisión de xuíces e árbitros 30 días antes da proba.

9.- Solo se recoñecerán homologacións de niveis de clubs de Federacións autonómicas de caza.

10.- A puntuación das probas da Liga Galega en categoría absoluta queda da seguinte maneira:

Puntuacións por clasificación xeral da proba: Posto	Puntuación
1º	15
2º	12
3º	9
4º	7
5º	6
6º	5
7º	4
8º	3
9º	2
10º	1

Puntuacións por clasificación mellor manga: Posto	Puntuación
1º	5
2º	4
3º	3
4º	2
5º	1

Puntuación ao mellor da manga: Puntuación	
Excelente a 0	2
Excelente hasta 5,99	1
Can máis rápido	1

Se un binomio foi eliminado en ámbalas dúas mangas da proba, non puntuá.

Se un binomio ten nunha manga máis de 15,99 de penalización, non se puntuará a manga correspondente.

11.- As clasificacións de Liga Infantil, Xuvenil, Sénior e Paragility computaran por Exc0 (sen penalizacións) e Exc5 (ata 5,99 de penalización). En caso de empate resolverase tendo en conta o 100% das puntuacións obtidas. Se persiste o empate, declarase gañador/a o/a que obtivera máis primeiros postos. De manterse o empate se terán en conta os segundos postos e así sucesivamente. Se aínda persistirá o empate, primará a mellor clasificación da Copa Federación de Agility.

12.- Para acceder ao Nivel Competición As cualificacións deberanse de obter polo menos con dous/dúas xuíces/xuízas diferentes.

- O binomio deberá conseguir 30 puntos, dos cales un mínimo de 15 puntos deben obterse en mangas de Agility. Cada manga sen penalizacións sumará 10 puntos e cada manga con ata 5,99 de penalización suma 5 puntos.

- O binomio non poderá participar en Nivel Competición o mesmo día do ascenso. Unha vez conseguido o requisito de ascenso, o deportista, poderá seguir participando no Nivel Promoción durante o tempo que estime necesario antes do seu debut ao Nivel Competición.

No caso de ter obtido puntuacións en probas externas á FGC probas a nivel nacional organizadas por outra federación autonómica de caza, a/o deportista deberá presentar o Pasaporte de Promoción da RFEC debidamente asinado.

Unha vez debute no Nivel Competición (considerándose como tal debut o día no que participe na primeira proba dese nivel), o binomio será dende ese momento e a todos os efectos integrante do Nivel Competición e non poderá regresar novamente ao Nivel Promoción.

Para poder participar no Campionato de España por Equipos, o binomio terá que ter debutado en Nivel Competición.

13.- Será Campión/a da Liga Autonómica da FGC o binomio que obteña máis puntos. En caso de empate, se resolverá tendo en conta o 100% das puntuacións obtidas. Si persiste o empate, declarase gañador/a o/a que obtivera máis primeiros postos. De manterse o empate se terán en conta os segundos postos e así sucesivamente.

14.- Copa Federación Galega De Caza. Realizarase en función da proposta seleccionada pola FGC dentro das propostas presentadas en tempo e forma, polos clubs de agility federados.

15.- A selección Galega que participará no Campionato de España estará formada por:

- Por Copa Federación. Os tres primeiros binomios clasificados da Copa Galicia de Agility de cada clase. Os pódiums que se clasifiquen ao Campionato de España dende a Copa, non correrán praza no 50% da Liga.
- Aqueles binomios que durante a tempada haxan conseguido a clasificación por Excelentes. Consequindo 80 puntos, dos cales 40 puntos como mínimo teñen que ser de mangas de agility. Cada manga será de 10 puntos se non hai penalizacións, e 5 puntos se se ten ata 5,99 de penalización. Estes puntos deberán lograrse no grao de competición.
- Por liga. Os binomios incluídos no 50% das/dos participantes con máis puntos da Liga Galega. Terase en conta para calcular o 50% tódolos binomios que compitan en alo menos 1 proba da Liga, sempre e cando se teña acadado algún punto. Para a clasificación por Liga (50%), calquera binomio con 0 puntos na súa categoría non se clasificará para o Campionato de España. Haberá clasificación de Liga, por separado, para as categorías: Absoluta (competición), Xuvenil (promoción), Senior (promoción) e Infantil.

Tódalas categorías restantes; infantil, xuvenil, sénior e paragility rexeranse pola seguinte normativa,

- Infantil, acceden o Campionato de España Infantil tódolos deportistas de dita categoría que compitan nun mínimo de 3 probas puntuables da FGC, independentemente do resultado obtido, incluída a Copa Federación.
- Xuvenil, acceden o Campionato de España Xuvenil, clasificándose pola Liga, por Copa Federación ou conseguindo un mínimo de 30 puntos, independentemente de si se han logrado en mangas de Agility o Jumping. Una manga sen penalizacións suma 10 puntos y una manga con hasta 5,99 de penalización suma 5 puntos.
- Sénior, acceden ó Campionato de España sénior, clasificándose pola Liga, por Copa Federación ou conseguindo durante a tempada un mínimo de 30 puntos, independentemente de si se han logrado en mangas de Agility o Jumping. Una manga sen penalizacións suma 10 puntos y una manga con hasta 5,99 de penalización suma 5 puntos.

- d) -Paragility, acceden o Campionato de España Paragility, tódolos deportistas que durante la temporada competiran na categoría paragility.

16.- Clasificación Liga Absoluta. Aqueles Xuvenís e Sénior que entren dentro do 50% da Liga Absoluta en nivel Competición, conseguen a clasificación para o Campionato de España en categoría absoluta, e a súa vez, na categoría do seu rango de idade xa sexa Xuvenil ou Sénior.

17.- Para optar á praza para o Campionato de España de la RFEC a través da puntuación por excelentes segundo se estipula no Regulamento de Agility da FGC, é obrigatorio que os excelentes estean asinados polo xuíz/a oficial que xulgou a proba no Pasaporte de Excelentes del Nivel Competición.

18.- Os participantes que formen parte da selección terán que confirmar a súa asistencia antes de ser inscritos na competición que corresponda. Terán a obriga de levar a vestimenta da selección proporcionada pola FGC nas probas do campionato de España.

19 Test de sociabilidade e medicións. Tanto o test de sociabilidade como a Medición serán efectuadas polo xuíz da proba no que debuten. Esta medición non será oficial para o Campionato de España, quedando pendente dunha medición oficial.

ANEXO I COPA GALICIA

Normas comúns

- 1.-** A Copa Galicia é unha competición de probas puntuables.
- 2.-** Poderán realizarse competicións puntuables para a Copa Galicia de percorridos de caza, raposo, San Huberto, cans de rastro sobre xabril atrelado, cans de rastro atrelados sobre xabril salvaxe, cans de rastro sobre coello, cans de parada, cetrería ou calquera outra que a Federación determine.
- 3.-** A Copa Galicia é de participación libre para calquera deportista federado que así o solicite.
- 4.-** A organización da Copa Galicia correrá a cargo das sociedades de caza e clubs federados de toda Galicia.
- 5.-** Os interesados na organización de competicións puntuables para a Copa Galicia deberán solicitálo á Federación Galega de Caza, a través das respectivas Federacións Provinciais, con 3 meses de antelación á data de celebración do campionato Galego salvo autorización expresa da FGC., agás Raposo, cuxas solicitudes deberán constar no ente federativo con dous meses de antelación. A solicitude deberá contempla-la data, lugar de celebración, etc. , debendo constar claramente no programa da proba a descrición "proba puntuable para a Copa Galicia"; non podendo coincidir na mesma data máis dunha proba da Copa Galicia da mesma modalidade.
- 6.-** Á vista das solicitudes recibidas para as distintas probas puntuables da Copa Galicia, a FGC con 20 días de antelación remitirá a autorización correspondente á sociedade solicitante xunto cos impresos da acta, fichas e follas de inscricións, remitindo copia da citada autorización á Federación Provincial correspondente. Para que a autorización sexa efectiva o programa da competición deberá obrar na sede federativa con 15 días de antelación á celebración da proba.
- 7.-** Unha vez celebrada a competición puntuable, a sociedade organizadora, ao día seguinte da celebración da proba, remitirá á FGC, debidamente cumprimentada e asinada, a acta de resultados, fichas de puntuación, e folia de inscricións dos participantes.
- 8.-** Os xuíces e árbitros das distintas competicións puntuables serán designados pola FGC, previa solicitude da sociedade organizadora da proba, que será a encargada de aboarlles a dieta de arbitraje.
- 9.-** As probas puntuables para a Copa Galicia desenvolveranse conforme ao Regulamento da modalidade e Normas Complementarias da FGC.
- 10.-** As probas puntuables para a Copa Galicia non poderán coincidir con competicións oficiais de rango superior.
- 11.-** Puntuarán os 10 mellores clasificados de cada proba, conforme ao seguinte baremo:

CLASIFICACION	PUNTUACIÓN
1º	30
2º	27
3º	24

4º	21
5º	18
6º	15
7º	12
8º	9
9º	6
10º	3

12.- As probas clasificatorias para a Copa Galicia poderán comezar o fin de semana seguinte da celebración do Campionato Galego da modalidade e rematarán o fin de semana anterior da seguinte edición.

13.- Créase a figura de Responsable da Competición para as probas da Copa Galicia, este será designado pola FGC, e terá entre as súas funcións velar polo bo desenrolo da mesma, así como emitir un informe de valoración da proba que remitirá á FGC.

14.- Os deportistas para poder clasificarse pola Copa Galicia para o Campionato Galego deberán haber participado previamente no respectivo Campionato Provincial da modalidade, salvo causa de forza maior que deberá acreditar ante a Federación Galega de Caza, a vista do cal esta resolverá.

15.- Os clasificados da Copa Galicia participarán directamente no Campionato Galego da modalidade. Cando algún clasificado da Copa Galicia xa estivese clasificado para o Campionato Galego (coa súa Selección Provincial ou por se-lo campión da edición anterior) o seu posto será cuberto polo seguinte ou seguintes clasificados da Copa Galicia.

COPA GALICIA DE PERCORRIDOS DE CAZA

1.- Os Campionatos Provinciais da modalidade poderán ser puntuables, se así o considera e solicita a Federación Provincial.

2.- As probas puntuables para a Copa Galicia de Percorridos de Caza deberán celebrarse a un mínimo de 50 pratos.

3.- Establécese unha categoría única na que se engloban tódolos participantes.

4.- A clasificación da Copa Galicia realizarase tendo en conta as puntuacións finais acadadas nas probas puntuables, sobre o 60% dos pratos tirados, escollendo de cada tirador as mellores puntuacións, axustando a porcentaxe se non coinciden tiradas completas

5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. No caso de persistir dito empate desempatarase pola suma das segundas mellores puntuacións. De non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

COPA GALICIA DE RAPOSO

1.- Os Campionatos Provinciais non serán puntuables para a Copa Galicia.

2.- A concesión por parte da FGC das diferentes probas puntuables realizarase de forma equitativa por provincia.

3.- Solo puntuarán os 10 primeiros clasificados que abateran como mínimo 1 raposo ao longo da proba.

4.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres computaranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).

5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas, primeiro polas tres elixidas. Se persiste o empate ganará o que mellor puntuación obtivera, empezando polo primeiro posto según o criterio establecido para clasificación e desempate: 1º o que maior número abatera e en caso de empate o que abatera máis machos Se aínda así continuara o empate, resolverase a chou.

6.- O campión acadará praza para o Campionato Galego sempre e cando o calendario da Copa Galicia conste, como mínimo, de 2 probas puntuables. No caso de que non se celebre ningunha proba puntuable salvo a Súper Copa Galega, o equipo campión da Súper Copa Galega irá ao Campionato Galego.

COPA GALICIA DE RASTRO DE XABARIL

1.- Os campionatos Provinciais serán puntuables para a Copa Galicia.

2.- Non puntuarán os cans pasivos.

3.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres colleranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).

4.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas; no caso de persistir dito empate resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións; de non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

5.- Para conceder á unha proba solicitada a categoría de puntuable para a Copa Galicia, esta deberá contar previamente con un informe favorable da Federación provincial correspondinte, certificando que cumpre as condicións mínimas esixibles para o bo desenvolvemento da proba.

CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL SALVAXE ("A TRAILLA")

A competición da Copa Galicia de cans de rastro atrelados sobre xabaril salvaxe rexeranse conforme o Regulamento Autonómico de cans de rastro atrelados sobre xabaril, se ben para esta modalidade aplicaranse as seguintes normas adicionais:

1.- As probas puntuables para a Copa Galicia estarán formada por tódolos campionatos (COPA FEDERACION, COPA GALICIA, PROVINCIAIS E GALEGOS) organizados baixo o control e supervisión da FGC.

2.- Non puntuarán os cans pasivos.

3.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres colleranse os resultados das mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).

4.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas; no caso de persistir dito empate resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións; de non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos. E si persiste o empate decidírase por sorteo.

5.- Para formar a Selección Galega elixíranse aqueles equipos da Copa Galicia que obtiveran a maior puntuación na suma dos seus mellores resultados nos distintos campionatos desta modalidade. O número de prazas para o Campionato de España serán as designadas pola RFEC.

As probas clasificatorias para a Copa Galicia poderán comezar o fin de semana seguinte da celebración do Campionato de España da modalidade e rematarán o fin de semana anterior da seguinte edición.

COPA GALICIA DE RASTRO DE COELLO

1.- Os Campionatos Provinciais non serán puntuables para a Copa Galicia.

2.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas, cun mínimo de dúas probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).

3.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas; no caso de persistir dito empate resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións; de non ter unha segunda puntuación contarase coma cero puntos.

4.- O campión acadará praza para o Campionato Galego sempre e cando o calendario da Copa Galicia conste, como mínimo, de 2 probas puntuables.

5.- No caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións acadadas nas distintas probas. Si persiste o empate resolverase pola suma das mellores segundas puntuacións. Se aínda así continuara o empate, resolverase a chou.

6.- Os equipos que por causas de forza maior (morte, enfermidade, cadela en celo, etc.) substituísen un can/cadela do lote considerarase o mesmo equipo na clasificación da Copa Galicia, acreditando este extremo cun certificado veterinario.

So poderán facerse dous cambios neste equipo na temporada salvo morte do can.

7.- A Copa España será puntuable para a Copa Galicia

COPA GALICIA DE SAN HUBERTO

- 1.- Os Campionatos Provinciais poderán ser puntuables para a Copa Galicia, si así o decide a organización (Federación Provincial).
- 2.- Resultará campión da Copa Galicia aquel concursante que acade máis puntos en 1/3 das probas celebradas. Cando 1/3 do total das probas celebradas sexa inferior a tres computaranse os resultados das tres mellores probas. Cando 1/3 non sexa número exacto redondearase por exceso (exemplo: si se celebraran 11 probas redondearíase a 4 probas).
- 3.- No caso de empate, desempatarase pola suma total das segundas mellores puntuacións; si persiste o empate irase á suma total de tódalas probas puntuables. Se aínda así continuara o empate resolverase polas mellores puntuacións acadadas no apartado de tiro, polo que os organizadores das diferentes probas puntuables deberán remitir á FGC xunto coa acta de resultados da proba, as tarxetas de puntuación asinadas polos xuíces. De ser necesario novo desempate realizarase pola mellor puntuación acadada polos cans nas diferentes probas puntuables.

ANEXO II

SELECCIÓNS GALEGAS

Especialidade	Categoría	Nº Deportistas
Paxariles		12
Compak Sporting	Home	6
	Dona	
	Sénior	
	Veterano	
	Xuvenil	
	Master	
	Tiro adaptado	
Percorridos de Caza	Home	6
	Dona	
	Sénior	
	Veterano	
	Xuvenil	
	Master	
	Tiro adaptado	
Xabaril		9
Xabaril salvaxe		3
San Huberto	Masculino	4
	Dona	3
	Springer	3
Cans de Parada	Británicas	4
	Continentalais	2
Caza Menor	Masculina	3
	Feminino	1
	Adaptado	1
Arceas	masculino	3
	feminino	1
Arco	RRCC	9
	Arco ao Voo	2
Cetraría		5
Agility	25	1
	30	1
	40	1
	50	1
	60	1
	50% dos participantes con mais puntos por orde de puntuación de cada categoría.	
Field Target	PCP	1
	PCP >16	1
	Pistón	1
Hunting Field Target		2
Total		87